

SALVADOR DE MADARIAGA E A UNIÓN CULTURAL DOS PAÍSES DA EUROPA OCCIDENTAL

Luis Domínguez Castro
Universidade de Vigo

DOI: [10.17075/etragsgm.2022.008](https://doi.org/10.17075/etragsgm.2022.008)

Londres foi, no transcurso da Segunda Guerra Mundial, lugar de encontro dunha mancha de personaxes, máis ou menos públicos, unidos pola súa condición de expatriados. Foi tamén a sede en que viron a luz unha serie de iniciativas e de estruturas que reflexionaron sobre como debería organizarse Europa e o mundo despois da guerra. Algunhas tiveron fortuna historiográfica: a Federal Union (Kendle 1997; Rosenboim 2017), a London International Assembly (Mazower 2013), a Conference of Allied Ministers of Education (Pemberton 2020) ou os intentos de iniciar procesos de unificación europea (Bosco 2016). Outras non tanto, talvez por seren iniciativas máis centradas no ámbito cultural que no político, talvez pola falta de visibilidade dos seus promotores e, sobre todo, polo seu curto percorrido que quizais teña moito que ver coa falta de sintonía coa contorna xeopolítica do momento. Porén, desde a perspectiva peninsular, unha delas merece ser coñecida. Trátase da Unión Cultural dos países da Europa Occidental, ou abreviadamente Unión Occidental, ignorada fóra do ámbito dos estudos sobre o nacionalismo vasco¹. Unha iniciativa que quería pór en valor as culturas non só nadas dos procesos de nacionalización do século XIX, senón as agochadas por ese mesmo proceso e polo da constitución dos Estados westfalianos.

A UNIÓN OCCIDENTAL: SAURAT, MADARIAGA, VASCOS E CATALÁNS

A Unión Cultural contou co concurso decidido dos nacionalistas cataláns e vascos, especialmente destes, nun contexto de debate interno entre os respectivos gobernos exiliados e os dous consellos nacionais nados, xustamente, na capital

¹ Este capítulo forma parte do proxecto de investigación PID2021-122750NB-C21, financiado pola Axencia Estatal de Investigación.

Ugalde Zubiri (2001: 320-322) faina nacer como continuadora dunha iniciativa do Consello Nacional Vasco (1940-1942), encabezado por Irujo no seu exilio londiniense. Trataríase dun documento denominado «Memorando sobre a creación dunha Federación Europea», datado en xuño de 1941. Ignora por completo o papel do director do Instituto Francés en Londres, máis alá de indicar que foi na súa sede onde se fundou a organización, atribúe a Madariaga o auspicio dunha sección española, sempre a partir de fontes documentais do nacionalismo vasco. Arrieta Alberdi (2007: 56-57) reproduce todo isto, sen grandes novidades, apuntando a existencia da correspondencia entre Irujo e Madariaga daqueles anos, pero sen analizala. Posteriormente, Arrieta Alberdi (2011: 77) fai mención á Unión Cultural como unha das organizacións europeístas nas que participa o PNV durante a Segunda Guerra Mundial, sen máis datos.

londiniense (Jiménez de Aberasturi 1991; De Pablo / Mees / Rodríguez Ranz 2001: II, 114-118; Vilanova i Vila-Abadal 2001: 145-148; Santacana 2014). As figuras máis destacadas de ambos os Consellos van tomar parte activa na iniciativa. A tensión entre os defensores das culturas nacionais europeas, recoñecidas polo sistema internacional de Estados que se quería preservar a través da alianza das nacións unidas, e aqueles partidarios de reivindicar unha reformulación profunda dos Estados-Nación do vello continente vai estar presente nas posicións mantidas por dous dos protagonistas do episodio fundacional da Unión Cultural, o francés Denis Saurat e o español, galego de nación, Salvador de Madariaga.

O 27 de xullo de 1936, o ministro de Estado, Augusto Barcia Trelles, outorgoulle a Madariaga o salvoconduto que lle permitiu saír de España «en misión oficial a Xenebra [...] como membro internacional do Instituto de Cooperación Intelectual» (Rodríguez Lago 2018: 81). Comezaba así un estrañamento que ía durar ata 1976. Nos anos da Segunda Guerra Mundial, privado de todo emolumento oficial, confiscadas as súas propiedades en España (Rodríguez Lago 2017), finalizada a bolsa que lle concedera a Fundación Rockefeller para os seus traballos e esforzos no ámbito do internacionalismo, tivo que vivir das súas obras literarias e de ensaio e das súas colaboracións en xornais e radios de medio mundo. Foron, nese sentido, anos de proveito nos que viron a luz algúns dos seus traballos máis recoñecidos, como *Vida del muy magnífico señor don Cristóbal Colón* (1940), *Hernán Cortes, Conquistador de México* (1941) ou a novela *El corazón de piedra verde* (1942). As dúas primeiras obras traducidas ao inglés o mesmo ano da súa aparición e a novela en 1944.

Era un home con sólidas raíces en terras británicas, comezando polas afectivas, ao casar, en 1912, con Constance Archibald, unha historiadora económica escocesa oito anos máis vella ca el, e seguindo polo seu papel de propagandista da causa aliada na Gran Guerra e dos intereses británicos da posguerra na prensa española, desde a súa residencia londiniense, ata 1921, cando se muda a Xenebra para comezar unha nova etapa, a do seu compromiso internacional e co mundialismo. Volvería de novo a terras inglesas en 1928 para rexentar a cátedra Alfonso XIII de cultura hispánica en Oxford ata 1930. Non é de estrañar, pois, que escollese Inglaterra como morada durante os seus anos de exilio, ata que en 1972, xa casado desde dous anos antes con Emile Szekeley Rauman —a muller que o acompañou desde 1945—, se mudou definitivamente a Locarno.

Polo que fai á súa actividade pública, nos anos da Guerra Mundial, son coñecidas as súas vinculacións coa Alianza Democrática Española, dirixida polo coronel Segismundo Casado, da que Preston (1998: 200-201) o considera principal teórico. Moito menos coñecido é o seu papel no intento de constituír a Unión Cultural dos países da Europa Occidental (Unión Occidental). Mesmo a propia organización é dabondo descoñecida.

Non se pode desvincular a creación da Unión Occidental —que curiosamente emprega unha denominación que logo será utilizada por unha das primeiras alianzas militares da posguerra— da figura do seu gran promotor, o profesor e escritor francés Denis Saurat. Naqueles anos, e desde 1924, ocupaba a dirección do Instituto Francés en Londres. Unha institución creada en 1910 para impartir conferencias, clases de francés e servir de foro de reunións sociais das mulleres acomodadas, cunha dependencia funcional da Universidade de Lille, que desde 1922 tamén compartía a Sorbona². Saurat encargábase da dirección do Instituto na súa condición de profesor de Literatura Inglesa en Lille, cargo que compatibilizaba, desde 1926, con clases de Francés no King's College de Londres. Era un reputado especialista en John Milton e en William Blake.

A ruptura diplomática entre Francia e Gran Bretaña, a comezos do verán de 1940, supuxo a perda de control do Goberno galo e das súas universidades sobre as actividades do Instituto Francés de Londres. Saurat vai conseguir un xeneroso apoio financeiro do British Council, ao longo da guerra, para poder manter o Instituto —que tiña, desde a súa fundación, personalidade xurídica de asociación inglesa— e as súas actividades sen gran diminución (Faucher 2019: 61). Nada máis producirse o chamamento do 18 de xuño de 1940, por parte do xeneral De Gaulle, Saurat convértese nun dos seus primeiros aliados e defensores, pondo ao seu servizo non só a sede do Instituto, nuns momentos en que a Francia Libre andaba escasa de espazos, senón, o que foi máis importante, poñendo ao Xeneral en contacto coa súa prezada rede de sociabilidade no *establishment* británico, entre o que De Gaulle era un perfecto descoñecido. Porén, Saurat vaise sentir defraudado polo rumbo que colle a Francia Libre e polo papel secundario e marxinal que o Xeneral lle vai dar

² Repetía o modelo de diplomacia pública inaugurado en Florencia, en 1907, baixo os auspicios da Universidade de Grenoble, e proseguido coa Casa de Velázquez, en Madrid, en 1909, neste caso co padroado de Toulouse e Bordeos. Un ano despois do de Londres, abrírase o de San Petersburgo, apadriñado pola Sorbona.

na estrutura de poder do Consello Nacional Francés, cando aspiraba a rexentar a carteira de Educación dese Goberno. Faucher (2019: 64) tamén aduce discrepancias pola intención do gaullismo de empregar o Instituto como instrumento da diplomacia cultural francesa fronte ao internacionalismo e anglofilia de Saurat, pero iso non casaría cos seus esforzos por construír a Unión Cultural dos países da Europa Occidental, como logo veremos, baixo a hexemonía cultural de París.

Pola correspondencia conservada con Madariaga, desde 1941 parece deducirse unha relación de certa amizade que se facía extensiva ás respectivas cónxuxes. Pode aventurarse que a orixe desa relación estivera no interese compartido pola teosofía, o ocultismo e outras correntes filosófico-relixiosas orientalistas. Outro ámbito compartido foi a común pertenza ao PEN Club Internacional, organismo en que Saurat foi membro do Comité Presidencial en tempos de guerra, entre 1941 y 1946, xunto a François Mauriac (escritor francés), Thornton Wilder (novelista e dramaturgo norteamericano) e Hu Shih (filósofo e diplomático chinés). Tamén influíu, sen dúbida, a coincidencia ideolóxica que os fará participar, aínda que neste caso con Madariaga como protagonista e Saurat cun papel menor, na elaboración do Liberal Manifesto, en 1947 (Samuel / Madariaga / Murray / Croce / Saurat 1948). Se temos en conta os escritos de Saurat (1941), no momento da súa correspondencia con Madariaga tamén hai claras coincidencias no interese de ambos por promover a cooperación capaz de derrubar as fronteiras nacionais e instaurar unha especie de goberno tecnocrático mundial e nunha rehabilitación espiritual do mundo grazas a unha reorganización do sistema educativo para adaptalo tanto ás elites como, no caso de Saurat, ás clases populares. Porén, tamén había discrepancias dado que Saurat facía moito fincapé en retornar aos valores relixiosos, basicamente católicos, como meta da rexeneración espiritual. Talvez a máis clara diferenza, entre os dous, tiña que ver con Alemaña. Saurat era dos que pensaban na necesidade dunha re-educación do pobo alemán e no seu afastamento temporal dos procesos de unificación europea³. Madariaga, pola contra, consi-

³ A Federal Union mesmo chegou a realizar unha Conferencia sobre a reeducación da mentalidade alemá, convocada por Lord Beveridge no University College de Oxford, do que era máster desde 1937, os días 14 e 15 de decembro de 1940. A reunión estivo auspiciada polo Federal Union Research Institute e asistiron varios destacados exiliados do III Reich como Raymond Klibansky, Friedrich A. Hayek, Franz Neumann ou Henry Hillman, membros todos eles da Federal Union (Jacobs 2007: 442-443). Pode verse

deraba imprescindible contar cos xermanos como unha parte central da familia europea desde o comezo.

Coñecidas as relacións persoais e as posicións ideolóxicas de Saurat e Madariaga, convén retomar a cronoloxía. Así, en setembro de 1942 van comezar a ser públicas as sesións mensuais da London International Assembly, que viña funcionando, desde 1941, como substituta informal da Asemblea e do Consello da Sociedade de Nacións, que decidiran hibernarse en decembro de 1939, mentres durase a guerra. Naqueles momentos presidía a Assembly, que contaba co beneplácito inicial do Foreign Office de Anthony Eden, o vello internacionalista Robert Cecil e eran vicepresidentes o profesor René Cassin (comisario de Xustiza e Instrución Pública no Consello Nacional Francés, o posto ao que aspirara Saurat), Jan Masaryk (ministro de Asuntos Exteriores checoslovaco), Charalambos Simopoulos (embaixador grego en Londres) e August Zaleski (presidente da Chancelaría Civil do presidente da República Polaca)⁴. Neste foro habíanse discutir materias como o xuízo para criminais de guerra, a futura organización internacional que debía xurdir no canto da Sociedade de Nacións e a reconstrución social e económica de Europa.

Neste contexto de certa efervescencia dos debates políticos sobre o mundo da posguerra, Saurat fará público o seu enfrontamento con De Gaulle. En maio de 1942, remite unha carta ao editor de *The Times* na que defende abrir os territorios do Imperio francés aos aliados anglosaxóns para facilitar a derrota de Hitler. En novembro, nunha segunda carta será moito máis contundente ao criticar a ausencia de calquera principio democrático no Consello Nacional Francés e reclamar que a voz de Francia non sexa monopolizada por xenerais e almirantes (Faucher 2019: 75)⁵. Ao mesmo tempo, lanza a súa iniciativa da Unión Cultural dos países da Europa Occidental, como resposta alternativa aos plans de reconstrución europea.

un amplo resumo en *Report of a Conference of the Re-education of the German mind*. Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses. Fondo Salvador de Madariaga (IJCEC-FSM. Caixa 150/1.

⁴ «Approaches to post-war Europe. Political or Cultural?», *The Observer* (27 setembro de 1942), en *Recortes de prensa periódica extraídos de los diarios y revistas: Times Literary Supplement, The Observer, World Review y Free Europe, relativos a la Unión Cultural de los países de Europa Occidental*. Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 3 (<https://www.eusko-ikaskuntza.eus/PDFFondo/irujjo/7220.pdf>) [consultado o 10 de marzo de 2021].

⁵ *The Times* (6 de maio de 1942 e 18 de novembro de 1942).

Todo parece indicar que o 4 de xuño de 1942 tivo lugar a primeira reunión para intercambiar ideas sobre a base común das concepcións democráticas e do ideal cristián, fóra de toda ortodoxia relixiosa ou militancia política, para crear unha unión cultural e espiritual dos países da Europa Occidental⁶. Nos días seguintes, o delegado do Goberno vasco en Londres, Lizaso, fíxolle chegar os seus comentarios a Saurat⁷. Máis que influír nos gobernos aliados ou imporlles formas de organización política acordes coas súas ideas, o labor do grupo debería ser promover a colaboración entre os países que tivesen ideas e institucións cristiás e democráticas comúns, principal herdanza da civilización occidental, para que a cidadanía dos distintos países, a través dunha educación reformada, aceptase libremente a interdependencia das súas respectivas nacións á hora de conservar e fomentar tal herdanza común. Tamén cumpría fuxir dunha posible identificación como «Bloque Latino», denominación acuñada polos fascismos italiano, francés e español, polo que «Occidental» debería asociarse exclusivamente co Atlántico, incluída Gran Bretaña. En coherencia, as actividades da Unión deberían estenderse as Américas, aproveitando o prestixio cultural francés entre as elites sudamericanas. Os países do Mediterráneo poderían chamarse «Greco-Romanos», por exemplo, para distinguilos do Occidente. O documento dá unha interesante pista sobre a rede de relacións que tiñan os reunidos, ao mencionar o apoio do Cliveden Group, que, arredor do matrimonio Astor, controlaba importantes cabeceiras como *The Times* e *The Observer*⁸. Madariaga

⁶ *Cartas cruzadas entre Manuel de Irujo, José Ignacio de Lizaso, Denis Saurat, Salvador de Madariaga y José Ma de Uzelai relativas a la organización y actividades de la Unión Cultural de los países de Europa Occidental. Se incluyen: programas de conferencias, informes, notas, trabajos literarios diversos, etc.* Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 1 (<https://www.eusko-ikaskuntza.eus/PDFFondo/irujol/7170.pdf>) [consultado o 1 de marzo de 2021].

⁷ *Cartas cruzadas...* Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 4.

⁸ Neste grupo, acusado desde as filas do Partido Comunista británico de convivencia co nazismo, convivían diferentes sensibilidades aínda que tiveron unha certa converxencia en apoiar a política do *appeasement* de Neville Chamberlain (Boobbyer 2021: 94). O núcleo duro do grupo incluía, segundo Rose (2000), amén dos Astor, a Lord Lothian, embaixador en EE. UU. nos primeiros anos da guerra ata a súa morte en 1941, Geoffrey Dawson, editor de *The Times* ata 1941, Robert Brand, cuñado de Lady Astor e alto funcionario en Washington durante a guerra, e Lionel Curtis, alto funcionario do Civil Service, un dos fundadores da Chatham House (Instituto Real de Asuntos Internacionais) e un dos máis coñecidos apóstolos do federalismo mundial. Todos eles compartían a súa filiación ao grupo de defensores do Imperio Británico, baixo a fórmula da Commonwealth, inspirado por *sir* Alfred Milner, gobernador do Transvaal e secretario das Colonias. Outros asiduos do Cliveden Group foron Lord Halifax e Samuel Hoare. Sen dúbida, era un

(1974: 62-63 e 192-193) nas súas memorias confesarase asiduo visitante do Cliveden Group.

Outro dos asistentes a esta primeira reunión, o escritor italiano e xornalista do *Daily Telegraph* Carlo Maria Franzero, avoga pola incorporación de Gran Bretaña e pola primacía cultural francesa e sinala como obxectivo da Unión o estudo dos problemas reais para poder renovar a colaboración cultural e espiritual entre as nacións da Europa Occidental tras a guerra. Por outra parte, suxire a constitución dunha Secretaría integrada por oito membros, un por cada país: Gran Bretaña, Francia, España (cataláns e vascos), Suíza, Bélxica, Países Baixos e Italia. Noutras palabras, a representación española estaría outorgada aos delegados de Cataluña e Euskadi, probablemente porque eran os únicos presentes. Nótese que Portugal nin se menciona⁹.

A seguinte reunión tivo lugar o 10 de setembro. Madariaga é invitado como representante de España¹⁰. Saurat presenta un borrador da organización¹¹ —cualificada como grupo de acción—, concibida como un foro destinado a intelectuais, homes de letras, artistas e universitarios que promovesen os valores espirituais comúns do Occidente europeo, comprendido entre o triángulo de Amsterdam, Nápoles e Lisboa, con París como centro incuestionable. Unha cultura europea baseada nas tradicións democráticas construídas sobre a liberdade individual, a forza da familia e as tradicións cristiás. Alemaña, culpable da guerra, quedaba fóra e abríase a posibilidade de relacións cos pobos do Imperio Británico, da área escandinava e do Centro e Oriente europeos. O máis destacable era que recoñecía a existencia de países moi diversos no interior daquel triángulo. Moitos deles cunha posición relativamente débil como consecuencia dos procesos de construción dos grandes Estados modernos. Marcábase, pois, como un dos obxectivos da Unión desenvolver as culturas de todos eses países,

dos foros liberal-conservadores máis influentes na política exterior británica, se ben a súa estrela declinara moito tras o inicio da guerra. Dawson deixou de ser o editor de *The Times* e Nancy Astor foi alcumada de antipatriota por moitos.

⁹ *Cartas cruzadas*... Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 5.

¹⁰ Carta de Madariaga a Denis Saurat (5 de setembro 1942). IJCEC-FSM. Caixa 150/7. Madariaga quíxase de que «teñades feito tanto camiño sen me ter falado da cuestión. A idea é interesante pero levanta problemas tan delicados que tería sido útil manter algunhas conversas previas».

¹¹ *Project de formation d'une Union Culturelle des Pays de l'Europe Occidentale (Union Occidentale)*. IJCEC-FSM. Caixa 150/7.

mesmo resucitándoas nalgúns casos, porque a riqueza e diversidade cultural europea ían ser o mellor cemento da súa reconstrución tras a guerra.

O principal instrumento para alcanzar eses obxectivos había ser un Instituto Cultural da Europa Occidental, seguindo o modelo xa comentado dos institutos franceses no exterior, incluída a súa vinculación coa universidade, pero sen converterse nunha sección especializada máis. O horizonte do Instituto tiña que ser axudar a constituír Europa Occidental como unha unidade espiritual. Habería dous tipos de cátedras nel. Cátedras monográficas de cada país nas que homes de letras, artistas e profesores farían coñecer a súa cultura ao público mundial¹². Cátedras propias da Unión Occidental, onde se darían a coñecer os principios democráticos e cristiáns comúns a todos os países do triángulo cultural.

O seguinte paso había ser a creación de centros do Instituto en cada país da Unión. Neles repetiríase o modelo de cátedras duplas. Unhas destinadas á literatura, á lingua, á arqueoloxía e á cultura local. Outras destinadas a analizar os puntos de converxencia desa cultura co resto das culturas da Unión.

Madariaga non sae moi contento desta reunión e pídelle a Saurat verse os dous, en privado, para tratar da cuestión¹³. Non podemos documentar tal encontro, pero os textos que os dous van presentar na seguinte reunión do grupo, o 23 de setembro¹⁴, fan sospeitar que houbo cita privada. En efecto, Saurat¹⁵ indica, agora, que Europa debe ser entendida como un todo orgánico de unidades vivas traballando en conxunto polo ben de todos e do mundo enteiro. As grandes nacións modernas —Francia, España ou Italia— debían prosperar na Europa unida respectando as outras menos extensas, como Países Baixos ou Suíza. Os grandes Estados contiñan, no seu seo, unidades vivas, como Bretaña,

¹² Xa se mencionan explicitamente cátedras: holandesa, flamenga, bretoa, provenzal, occitana, catalá, vasca, florentina, romana, napolitana, portuguesa, castelá, andaluza e unha ou varias suízas. «Institute of Western Europe», *Times Literary Supplement* (12 setembro de 1942). *Recortes de prensa periódica...* Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 2.

¹³ Carta de Madariaga a Saurat, 16 de setembro de 1942. IJCEC-FSM. Caixa 150/7.

¹⁴ A esta reunión do 23 de setembro, sempre na sede do Instituto Francés de Londres, asistiron, ademais dos representantes de Holanda, Bélxica, Flandres, Francia, Alsacia, Italia, Suíza, España, Euskadi e Cataluña, un xornalista do *Times* e outro do *Observer*, así como un representante do British Council. *Cartas cruzadas...* Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 10.

¹⁵ Union Culturelle des Pays de l'Europe Occidentale. IJCEC-FSM. Caixa 150/7.

Flandres, Alsacia, Euskadi ou Cataluña, que debían poder desenvolverse en colaboración entre elas e cos grandes Estados. Cumpría aumentar a vida das partes sen mingua da harmonía do conxunto. Insistía en que sen entendemento espiritual non podía haber solucións duradeiras no ámbito político, económico ou social. Por último, engadía un novo instrumento. Unha revista de dimensión mundial, cos suplementos locais necesarios, para difundir os valores culturais da Unión e estreitar relacións de amizade co resto de culturas do mundo, con especial atención polas da mesma orixe, como a romanese, a canadense e as da América Latina.

Pola súa banda, Madariaga¹⁶ agranda e delimita o espazo occidental ao comprendido entre Alemaña, o mar do Norte, o Atlántico, o Mediterráneo e o Adriático. Circunscribe as bases culturais comúns ao respecto pola persoa humana e polas leis libremente consentidas, bases compartidas pola civilización grega e polo ideal cristián. Fiel aos seus principios mundialistas, suxire que a Unión sexa un elemento da necesaria coordinación de Europa, e posteriormente do mundo, nun todo orgánico. A paz só se asentará sobre cementos sólidos se a anarquía espiritual dá paso a unha unidade de pensamento capaz de reproducir no contexto da complexa vida moderna o logrado pola Igrexa na Europa medieval. Esta unidade de pensamento debía descansar no respecto, a simpatía e mesmo o amor entre seres humanos e as súas colectividades de países netamente definidos, grandes ou pequenos, dotados ou non de organización estatal. As culturas locais, nacionais ou continentais debían ser respectadas e queridas como manifestacións do espírito e integrarse en conxuntos harmoniosos ofrecidos pola terra e pola tradición. Na Europa Occidental, vellas nacións como Bélxica, Francia, España, Holanda, Italia, Portugal ou Suíza tiñan, en diversos graos, dentro de si esta riqueza de culturas e de linguas — cita os exemplos de Alsacia, de Euskadi, da Bretaña, de Cataluña, de Flandres, de Galicia ou da Provenza—, que deberían encontrar na Unión un medio favorable para o seu desenvolvemento, en beneficio das nacións das que forman parte, da Unión Occidental, de Europa e do mundo. Polo que fai aos instrumentos, consideraba que habían ser abordados máis adiante, sen propostas pechadas.

¹⁶ *Union Culturelle des Pays de L'Europe Occidentale. Contraproject. IJCEC-FSM. Caixa 150/7.*

O elevado grao de coincidencia de ambos os dous borradores favorece a presunción de que a reunión solicitada por Madariaga chegou a realizarse. No informe que redacta Ángel Gondra¹⁷ desta reunión¹⁸ conséntase o protagonismo de Don Salvador. Un dos dous representantes holandeses solicitou que se substituíse a referencia aos principios do cristianismo, do primeiro punto, do texto de Saurat por unha mención aos principios das grandes relixións, para incluír a xudía. Sometido a votación, ficou a referencia ao cristianismo por once votos contra dous e varias abstencións, unha delas a de Madariaga. Porén, todo o primeiro punto do texto de Saurat foi substituído pola redacción presentada por Madariaga —ámbito xeográfico da Unión e bases culturais comúns—. Tamén, por proposta de Madariaga, se adiaron os proxectos de actividades e creación de instrumentos¹⁹ para ser sometidos á Asemblea Xeral da Unión. Gondra fai unha chamada de atención acerca da separación entre as grandes unidades (España, Francia...) e os países (flamengo, bretón, vasco...) para volver sobre iso na próxima reunión. Finalmente, informa de que Madariaga, en compañía de Portillo²⁰, se achegou a el e a Batista i Roca e propuxo unha reunión conxunta no Reform Club, o 7 de outubro.

O ENCONTRO NO CASAL CATALÁN: O MODELO DE ESTADO PENÍNSULAR

Antes desa cita, os cataláns achegan, o 30 de setembro²¹, o seu propio borrador, que, na liña do subliñado por Gondra, fai cambios significativos na denominación das partes integrantes da futura Unión. Onde o texto de Saurat falaba de

¹⁷ Secretario da Delegación do Goberno vasco en Londres.

¹⁸ *Cartas cruzadas...* Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 10.

¹⁹ Déixase constancia desas actividades e instrumentos: Instituto central e institutos delegados en cada país, grupos ou seccións particulares de cada cultura, grupo mundial de amigos da Unión Cultural, unha revista e establecemento de relacións con Gran Bretaña, América, Europa do Leste etc. Unión Culturelle... IJCEC-FSM. Caixa 150/7.

²⁰ Luis Gabriel Portillo Pérez, profesor de Dereito Civil en Salamanca (1934), viceministro de Xustiza na República. Militante de Izquierda Republicana, exiliado en Londres, casado coa escocesa Cora Blyth, coa que tivo cinco fillos, entre eles Michael Portillo. Xornalista, tradutor e poeta. Posible autor do relato apócrifo do enfrontamento entre Unamuno e Millán Astray, no paraninfo salmantino durante os actos conmemorativos da Hispanidade de 1936.

²¹ *Cartas cruzadas...* Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 15.

«grandes nacións modernas», agora dise «grandes estados modernos»; onde se afirmaba que aquelas eran «unidades vivas», dise «organismos políticos»; onde se mencionaban sen distinción «unidades vivas» dentro dos Estados como Bretaña, Flandres, Cataluña ou Euskadi, agora distínguese entre vellos países como Bretaña ou Flandres e nacionalidades renacidas²² como Cataluña e Euskadi. Ao día seguinte ten lugar un xantar reducido, convocado por Saurat, no que están os vascos e, probablemente, os cataláns para acordar posicións con relación á seguinte sesión da Unión, prevista para o 8 de outubro. Nese encontro, o francés presentou un documento en que apuntaba como principal ameaza para a cultura europea occidental a descristianización favorecida e acelerada pola supremacía alemá na ciencia, na filosofía, na historia e na filoloxía. Ese proceso só podía pararse aproveitando o acervo das renacentes culturas de países agochados polos grandes Estados modernos para que as súas almas deixasen de estar asoballadas por arranxos políticos do pasado²³.

Finalmente, a reunión entre peninsulares, que se demorou máis de tres horas, mudou de sitio e tivo lugar no Casal Catalán da capital británica. Segundo o informe redactado polos vascos, asistiron Madariaga e Portillo, representando a España; Pi i Sunyer (presidente do Consello Nacional de Cataluña), Batista i Roca (secretario do citado Consello), Perera (vogal do Consello) e Ordeig, representando a Cataluña; Lizaso, Gondra e Irujo, representando a Euskadi. Lizaso foi moi reticente a esta reunión por dúas poderosas razóns. Podía darlle un liderado a Madariaga que non era conveniente e, sobre todo, podía escurecer as aspiracións nacionais vascas, no seo da Unión Cultural, baixo unha aparente unidade de acción dos españois exiliados²⁴. Madariaga deu comezo á reunión exhortando a poñer as cartas boca arriba, entre «compatriotas españois», con absoluta lealdade, sobre os obxectivos que cada quen perseguía na futura Unión Cultural, que, pese ao seu nome, ía ser unha entidade eminentemente política. El xa adiantaba os seus: fortalecer a España como país e como pobo.

²² Tanto Arrieta Alberdi (2007: 56) como Ugalde Zubiri (2001: 321) falan de «grupos nacionales renacentistas» seguindo a mala tradución do francés «nationalités renaissantes» que figura en *Cartas cruzadas*... Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 18.

²³ *Cartas cruzadas*... Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 16.

²⁴ *Cartas cruzadas*... Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 17 (1).

Pi i Sunyer, desde a comuñón liberal e demócrata e desde a aceptación de que eran tempos de cooperación e solidariedade máis que de disgregación entre os pobos, reclamou un sitio para Cataluña en España que superase o Estatuto de Nuria e permitise o pleno desenvolvemento das singularidades catalás. Madariaga mostrouse favorable, sempre que se salvase a unidade fundamental española e a emoción patriótica común. Sinala o cronista que houbo uns minutos de silencio. Ata que tomou a palabra Irujo. Empregando a franqueza e lealdade solicitadas afirmou:

Os vascos educados en tese nacional non sentimos o patriotismo español. A nosa patria non é España, senón Euskadi [...]. A nosa vontade nacional está por riba de todas as incidencias históricas. Aspiramos á vida nacional de Euskadi con historia, sen ela ou contra dela [...] a fundar a nosa cultura no xenio da nosa raza, no éuscaro e nas institucións históricas vascas.

Volveu tomar a palabra Madariaga para dicir que Irujo non podía negar «a comunidade fundamental de historia e institucións que une aos vascos co resto dos españois». Porén, o líder vasco replicoulle que eles eran a antítese espiritual do español e que nunca se poderían sentir doutra patria que non fose a súa, cun longo relato demostrativo do seu aserto, centrado na «árbore malata»²⁵. Achegou outra proba con argumentos do propio Madariaga. Ao parecer, na reunión do 10 de setembro aquel defendera que a España demócrata era agnóstica, acatólica ou anticatólica, estraña ao sentir cristián, se non inimiga del. Irujo, pola contra, móstrase orgulloso de pertencer a un pobo que impregna de cristianismo cada momento do seu vivir. Non se opón a unha organización estatal peninsular, pero sempre que se recoñeza á nación vasca e non mediante un Estatuto aprobado en Madrid.

Daquela, Madariaga afirma aceptar os feitos diferenciais vasco e catalán, se ben recoñece que ignoraba a fondura que alcanzaran eses sentimentos. Como solución, formula a creación en España dun Estado, só con competencias en moeda, alfándegas, forzas armadas e representación exterior, gobernado por un triunvirato, con tres cónsules que representasen ás tres culturas, ás tres linguas:

²⁵ Límite ata o cal podían chegar os guerreiros vascos para rexeitar aos invasores, instituído por Sancho o Sabio, rei de Navarra, cando recuperou as terras da Ríoxa ata Atapuerca. Era unha evidencia do carácter non imperialista dese pobo, en contraste co español. *Cartas cruzadas...* Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 17 (4-5).

castelá, catalá e portuguesa²⁶. Os vascos, por carecer de lingua literaria, poderían escoller a cultura a que incorporarse, compartindo o consulado correspondente. Irujo non rexeita a idea, pero sempre que Euskadi non sexa tratada como nación de segunda. Pi i Sunyer, que terza para sinalar que xa terá Euskadi o seu cónsul tamén, remata coa sentenza: «Nin separatismo que balcanice, nin estatuto outorgado: Federación que una a pobos libres». Portillo fai uso da palabra para deixar constancia de que hai campos de colaboración común e de que Madariaga debe presidir a representación española ou castelá. Porén Madariaga afirma: «Non sei se vai ser posible. Fáltame moral para participar nunha obra, amasada na ausencia de afecto patriótico español, que ao meu parecer equivale a desafección, o cal é incompatible coa miña maneira de ser e de pensar»²⁷.

Ao día seguinte, como estaba previsto, realizouse a sesión da Unión Cultural na que se aprobou a súa Declaración oficial. O máis novo e significativo é a aceptación dunha emenda asinada por Saurat, o profesor holandés Veraart —reitor da Universidade Tecnolóxica de Delft nas vésperas da invasión e dirixente do partido católico romano—, Lizaso e Batista i Roca, na liña dos cambios suxeridos pola delegación catalá. Agora afirmase que os Estados modernos son unidades que non poden prosperar se non é no seo dunha Europa unida e que eses Estados conteñen unidades como, por exemplo, Alsacia, Bretaña ou Flandres, e nacionalidades renacidas, como Cataluña ou o País Vasco, que debían poder desenvolverse colaborando entre elas e cos seus Estados²⁸.

As dúbidas de Madariaga van quedar resoltas tras a aprobación desta Declaración oficial da Unión Cultural. Non pode aceptar a emancipación das culturas vasca e catalá do que el considera o tronco común español. Para a seguinte reunión da Unión Cultural, prevista para o 12 de novembro de 1942, Saurat mándalle unha convocatoria en que lle di que na sesión «non debería acontecer gran cousa de interese, desde o voso punto de vista [...] naturalmente estaremos felices de vervos alí; pero, para o caso de que non poidades vir, fixen chegar igualmente

²⁶ Nunha data tan temperá como 1923, Madariaga (co pseudónimo de Sancho Quijano) xa utilizaba o concepto da *España triuna*, pero daquela para negar a simetría entre Cataluña e Portugal que agora acepta. «El problema catalán. La España triuna», *El Sol* (1 marzo de 1923).

²⁷ *Cartas cruzadas*. ... Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 17 (9-10).

²⁸ *Cartas cruzadas*. ... Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 19.

unha convocatoria ao señor Portillo. Se podedes vir os dous, tanto mellor»²⁹. Finalmente, o 24 de novembro, Madariaga solíciálle a Saurat, formalmente, que «borre o meu nome da listaxe de persoas que colaboran co seu proxecto de Unión Cultural», alegando motivos persoais derivados da súa residencia en Oxford que non lle permitían estar presente en Londres coa constancia que a empresa demandaba. Ao mesmo tempo, no mesmo día, mandoulle outra carta a Irujo invocando como causa real da súa retirada as «diferenzas que nos separan en materia pública»³⁰. Irujo dille que sospeita razóns ocultas³¹ e Madariaga respóndelle que a el, como español, lle deu a razón certa e completa que non lle podía dar a Saurat para non airear en público as diferenzas. Acláralle que cando, no Casal Catalán, afirmou que non acreditaba na nación e que lles regalaba o concepto, referíase ao que en Gran Bretaña entenden por tal: Gales, Escocia e Inglaterra. Engadindo que nin galeses nin escoceses se excluían da comunidade británica como Irujo fixera da española, no Casal. Salienta en maiúsculas a súa postura: «Unha vez admitida a unidade de España con todas as súas consecuencias en canto á acción estranxeira, exército, mariña, comercio exterior, moeda e quizais tamén unha lingua franca que sirva de intérprete xeral, as “nacións” españolas diversas poden e deben organizar a súa vida como lles pete»³². Mentres tal non aconteza, el non pode lexitimar coa súa presenza a representación vasca que pretende desempeñar Irujo³³. Seguiron varias misivas máis antes da Pascua. Nelas, Irujo quixo deixar claro que non había comunidade española ningunha senón imposición e dominio de Castela sobre as outras nacións españolas e que unha futura solidariedade

²⁹ Carta de Saurat a Madariaga (5 novembro 1942). IJCEC-FSM. Caixa 150/7.

³⁰ Borrador dunha carta de Irujo a Madariaga (30 novembro 1942). *Cartas cruzadas...* Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 33.

³¹ Esas razóns eran as «elucubracións monárquicas, tipo terceira España» polo que lles pide a Pi i Sunyer e a Portillo, aos que lles envía copia da carta de Madariaga e da súa resposta, que deixen «caer, con sixilo, ao oído achegado de Don Salvador, que xoga a mal cabalo, cales queira que sexan os artesonados baixo os que teña recibido a información». Borrador de cartas de Irujo a Pi i Sunyer e a Portillo. *Cartas cruzadas...* Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 33.

³² Carta de Madariaga a Irujo (5 decembro 1942). *Cartas cruzadas...* Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 34.

³³ Moitos anos despois, ás portas da morte, Madariaga (1978: 586) manterá unha posición parecida sostendo que non debería haber límite ningún á soberanía de cataláns e vascos desde que estes recoñeceran a necesidade da continuación da historia de España e aproveitaba para lembrar estes debates londinienses dicindo «Hai algún que outro vasco que durante o desterro xogou á republiquiña que tiña as súas embaixadiñas e o seu goberniño, que facía os seus tratadículos máis ou menos ridículos con outros gobernáculos».

peninsular tiña, necesariamente, que arrincar da existencia previa e soberana desas nacións. Lamentaba o que el percibía como retroceso na ambiciosa proposta do triunvirato, presentada no Casal Catalán. Daquela, Madariaga atribuíu a ese triunvirato a política exterior e agora falaba do concepto, moito máis amplo, de acción exterior³⁴. Por último, Irujo deixa tamén claro que o representante lexítimo do pobo vasco non é el, senón o presidente Aguirre e o seu Goberno³⁵.

OS ESTERTORES DA UNIÓN OCCIDENTAL

Xa con Madariaga fóra da iniciativa, a Unión Cultural tivo a súa posta de longo nun solemne recital literario que se celebrou, na sede do Instituto Francés, o 22 de xaneiro de 1943. En pouco máis de dúas horas recitáronse poemas, relatáronse contos e declamáronse discursos nunha ducia de linguas da Europa Occidental³⁶, con traducións cara ao francés e ao inglés. Para quentar o ambiente, Saurat publicou un longo artigo na *World Review* glosando os obxectivos, orixes e filosofía da Unión Cultural. No anteparágrafo inicial anunciábase que a nova organización estaba composta por persoas de Holanda, Francia, Italia, Cataluña, o País Vasco e de España propiamente dita³⁷. Esta diferenza de trato cos Estados —dado que

³⁴ Unha visión actualizada da diferenza entre política exterior e acción exterior, no ámbito español, pode seguirse da lectura da «Sentencia del Tribunal Constitucional 135/2020, de 23 de septiembre de 2020. Conflicto positivo de competencia 6116-2019. Planteado por el Gobierno de la Nación, en relación con el Acuerdo Gov/90/2019, de 25 de junio, del Gobierno de la Generalitat de Cataluña, por el que se aprueba el plan estratégico de acción exterior y de relaciones con la Unión Europea 2019-2022» (BOE, 2 de novembro 2020).

³⁵ Cartas de Irujo a Madariaga (8 decembro 1942 e 22 decembro 1942). *Cartas cruzadas...* Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documentos 35 e 36.

³⁶ A prensa recolleu intervencións en baixo latín (Alsacia), inglés, catalán, escocés, galés, italiano, provenzal, vasco, maltés, bretón, holandés e francés. «A Poliglot Causerie. French Institute Literary Evening», *The Observer* (24 xaneiro de 1943), en *Recortes de prensa periódica extraídos de los diarios y revistas...* Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 10.

³⁷ «A Cultural Union has been formed», *World Review* (xaneiro 1943), pp. 43-47, en *Recortes de prensa periódica extraídos de los diarios y revistas...* Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 11. Este artigo era o número 5 dunha serie chamada UNITED STATES OF EUROPE? Daquela, o Comité executivo estaba integrado por Saurat, como presidente, e polos representantes das seguintes culturas:
Alsaciana: Comandante Schaeffer, membro das forzas francesas de combate, arqueólogo, director das escavacións de Ras Shamra no norte de Siria.
Inglesa: Charles Morgan.

non se falaba de Alsacia, Bretaña e Francia propiamente dita, por exemplo—, que volve amosar a clara toma de postura de Saurat con relación a aquelas «nacionalidades renacidas», provocará a demanda de explicacións de Portillo, substituto de Madariaga como representante da cultura española, e a súa renuncia³⁸, o que xustifica a ausencia do español entre as linguas do recital.

Ao mes seguinte, o 18 de febreiro, a Oxford Union Society acollerá un debate sobre o seguinte aserto: «Que, na opinión desta Cámara, sen unha Unión Cultural Europea non haberá unha paz que dure». Saurat, animador deste, indícalle a Lewis Clarke, presidente da Oxford Union Society, que sería moi oportuno invitar a Madariaga a ese debate. Clarke, entendendo que Don Salvador forma parte da iniciativa, así o fai. Porén, Madariaga escríbelle para facerlle saber as súas diferenzas con Saurat, máis de táctica que de estratexia, e pídelo formar parte dos contrarios ao aserto que ía propiciar o debate. Clarke non só acepta senón que lle promete algo máis de tempo que a Saurat e invítalo a unha cea privada despois do encontro³⁹. Na sesión, Saurat reivindicará que, sen bases culturais que respecten as culturas minoritarias, non haberá paz duradeira porque, mentres a xente de cada país no se coñeza e entenda entre ela, o traballo diplomático será inútil; puxo como exemplo o fracaso do pacto xermano-ruso de agosto de 1939. Madariaga, pola súa banda, defenderá que, sen acordar un trato a Alemaña desde unha perspectiva europea, a paz será fráxil por moita unidade cultural occidental

Vasca: Lizaso.

Belga: Paul Weyemberg, presidente da Lexión Belga de exsoldados.

Bretoa: xeneral Sicé, das forzas francesas de combate.

Catalá: Batista i Roca, novelista e poeta.

Escocesa: F. G. Scott, compositor.

Española: Portillo.

Flamenga: Émile Cammaerts.

Francesa: Paul Antier, deputado do Haute-Loire.

Galesa: ía ser anunciado proximamente.

Holandesa: Veraart.

Italiana: Crespi.

Provenzal: Félix Gouin, deputado de Bouches-du-Rhône.

Suíza: reverendo Pradervand.

³⁸ Carta de Portillo a Saurat (24 de xaneiro 1943). *Cartas cruzadas...* Fondo Irujo da Eusko Ikaskuntza, documento 45.

³⁹ Carta de Lewis Clarke a Madariaga (15 de febreiro 1943) e resposta deste (16 de febreiro 1943). IJCEC-FSM. Caixa 150/11.

que haxa. Saurat gañará o lance por 85 votos contra 50, o que dá idea da nutrida asistencia⁴⁰.

Foi o canto de cisne da Unión Cultural, que aínda faría unha exposición de pintura dos países da Europa Occidental para entrar despois nun letargo do que xa non ía espertar. Irujo (2003: 261), que dá conta da última actividade da organización, achaca a súa fin á decisión das autoridades británicas de primar os intereses dos Estados aliados na batalla contra Hitler. Ugalde Zubiri (2001: 322) sinala como causas do seu fracaso, seguindo a Jiménez de Aberasturi (1991), a oposición do Goberno británico, as reticencias dos franceses, as prevencións dos nacionalistas cataláns e o distanciamento do lehendakari Aguirre. Porén, Faucher (2019: 77-79) achega documentación moi relevante sobre os intentos de control do Instituto Francés de Londres por parte do Comité Nacional Francés desde outubro de 1942 grazas ao chamado acordo Cassin-Bessborough⁴¹, que lle permitiu introducir na recentemente creada comisión pedagóxica do instituto xente da súa confianza para supervisar e aprobar a axenda de actividades que eran consideradas perigosas polos gaullistas. Xa no verán de 1944, aproveitando a convalecencia de Saurat tras o bombardeo sufrido pola sede do instituto, o novo Goberno provisorio francés iniciou o proceso polo que o instituto deixaría de ser unha asociación británica para pasar a ser unha asociación francesa. Sen Saurat á fronte, a pesar da campaña de destacados intelectuais anglosaxóns no seu favor (T. S. Eliot, E. M. Forster, George Orwell ou Rebecca West).

CONCLUSIÓNS

Os anos da Segunda Guerra Mundial, en Londres, foron testemuña de moitos cenáculos onde se reflexionou sobre a Europa e o mundo que habían emerxer do baño de sangue e destrución que se estaba a vivir. Salvador de Madariaga, un home estrañado que sentía un profundo patriotismo español incompatible

⁴⁰ «Union Society Debate», *The Oxford Magazine* (15 de febreiro 1943), pp. 213-214. IJCEC-FSM. Caixa 150/11.

⁴¹ Lord Bessborough, gobernador xeral do Canadá (1931-1935), ocupou diversos postos no Foreign Office durante a Segunda Guerra Mundial, moitas veces relacionados coa colonia francesa en Gran Bretaña, entre eles a Presidencia do Instituto Francés.

co que encarnaban Franco e os seus, vai ser invitado en moitos deles, como foi o caso da Unión Cultural dos países da Europa Occidental, e vai bosquexar el mesmo outros, como o seu proxecto dun Banco para a reconstrución de Europa (Domínguez Castro / Rodríguez Lago 2020: 118-120). Van ser os anos en que comece a abrazar o europeísmo, cun amor de senectude que vai perdurar, baseado na idea de que onde existe unha comunidade, como ocorre en Europa, debe haber unha Commonwealth, é dicir, unha estrutura política que a ampare⁴². A Unión Cultural foi un plan nacido da mente do intelectual francés Denis Saurat, un home de pensamento cambiante e difícil de situar ideoloxicamente, tan pronto próximo ao radicalismo de esquerdas como do conservadurismo católico, ao dicir de Faucher (2019: 65-66). A organización que presidía cómpre situala no contexto dos Estados-Nación deslexitimados polas sucesivas crises dos anos vinte e trinta do século pasado que abocaron ao conflito mundial e nas perspectivas de reconstrución político-administrativa que iso abriu. A fórmula que Saurat quixo darlle á Unión Cultural reverdecendo as vellas culturas de pobos sen recoñecemento político ou que o tiveran moitos séculos atrás hai que entendela nese ámbito. As súas disputas co gaullismo, logo de ter sido un dos seus primeiros validos, translócese na escolla dos representantes das culturas que acolle Francia: militares aliñados co Xeneral como Schaeffer e Sicé e deputados non aliñados como o socialista Félix Gouin ou o agrario Paul Antier. Do mesmo xeito e dun modo máis fondo pola debilidade do proceso de nacionalización vivida, as disputas entre os representantes das culturas hispanas no seo da Unión resultan entendibles nese marco. A Madariaga, intelectual reputado e respectado no *stablishment* tanto anglosaxón como dos gobernos exiliados de media Europa, tocoulle defender a continuidade histórica da cultura española facéndoa compatible co recoñecemento da personalidade singular das nacións que a compuñan, dándolle a este concepto a acepción que se empregaba nas illas británicas e introducindo, aínda que nun único documento, o nome de Galicia nesa relación de países culturais da Europa Occidental —unha mención que nunca recolleu Saurat, que apenas vía na península as culturas castelá, catalá, vasca, portuguesa e andaluza—. En fronte tiña os máis cualificados

⁴² «Commonwealth of Europe. Advocated by Former Spanish Ambassador», *Yorkshire Post* (1 de xuño 1943). IJCEC-FSM. Caixa 150/9.

representantes dos Consellos Nacionais de Cataluña e de Euskadi, que estaban a vivir o seu propio proceso de reconstrución das estruturas políticas herdadas da experiencia republicana, marcando distancias co resto do exilio hispano (Juliá, 2017: 97-98 e 458-459). Porén, o que non foi posible facer en 1942, achegar esforzos compartidos entre os exiliados das diferentes nacionalidades que conflúen no proxecto histórico de España, vai acontecer en 1949, coa fundación do Consello Federal Español do Movemento Europeo, presidido por Madariaga coa presenza activa de Irujo e Pi i Sunyer e a ausencia de Galicia... pero esa é outra historia.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARRIETA ALBERDI, Leyre (2007): *Estación Europa. La política europeísta del PNV en el exilio (1945-1977)*, Madrid, Tecnos.
- ARRIETA ALBERDI, Leyre (2011): «El proyecto europeísta del nacionalismo vasco en perspectiva histórica», *Hermes. Pensamendu eta historia aldizkaria. Revista de Pensamiento e Historia*, 37, 74-93.
- BOOBYER, Philip (2021): *The Life and World of Francis Rodd, Lord Rennell (1895-1978). Geography, Money and War*, Londres, Anthem Press.
- BOSCO, Andrea (2016): *June 1940, Great Britain and the first Attempt to Build a European Union*, Cambridge, Scholars Publishing.
- DOMÍNGUEZ CASTRO, Luis / José Ramón RODRÍGUEZ LAGO (2020): «Salvador de Madariaga, maestro constructor de Europa», en Salvador Forner / Heidy-Cristina Senante (eds.), *Miradas a Europa. Percepciones y relatos desde España*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 115-133.
- FAUCHER, Charlotte (2019): «From Gaullism to Anti-Gaullism: Denis Saurat and the French Cultural Institute in Wartime London», *Journal of Contemporary History*, 54:1, 60-81.
- IRUJO, Manuel (2003): «La comunidad occidental europea y los vascos», en VII^{me} Congrès d'Études Basques= Eusko Ikaskuntzaren VII Kongresua= VII Congreso de Estudios Vascos (7.1948.Biarritz), Donostia, Eusko Ikaskuntza, 259-281.
- JACOBS, Ellen (2007): «'An Organizing Female with a Briefcase': Barbara Wootton, political economy and social justice, 1920–1950», *Women's History Review* 16:3, 431-446.
- JIMÉNEZ DE ABERASTURI, Juan Carlos (1991): *Los Vascos en la II Guerra Mundial. El Consejo Nacional Vasco de Londres (1940-1944)*, Donostia / San Sebastián, Eusko Ikaskuntza.
- JULIÁ, Santos (2017): *Transiciones. Historia de una política española (1937-2017)*, Madrid, Galaxia Gutenberg.
- KENDLE, John (1997): *Federal Britain: a History*, Londres / New York, Routledge.
- MADARIAGA, Salvador (1974): *Memorias (1921-1936). Amanecer sin mediodía*, Madrid, Espasa Calpe.
- MADARIAGA, Salvador (1978): *España. Ensayo de historia contemporánea*, Madrid, Espasa Calpe.
- MAZOWER, Mark (2013): *No enchanted palace. The End of Empire and the Ideological Origins of the United Nations*, Princeton / Oxford, Princeton University Press.
- PABLO, Santiago de / Ludger MEES / José A. RODRÍGUEZ RANZ (2001): *El péndulo patriótico. Historia del Partido Nacionalista Vasco, II: 1936-1979*, Barcelona, Crítica.
- PEMBERTON, Jo-Anne (2020): *The Story of International Relations. Cold-Blooded Idealists*, Cham, Springer International Publishing.
- PRESTON, Paul (1998): «Salvador de Madariaga. Un Quijote en la política», en Paul Preston, *Las tres Españas del 36*, Barcelona, Plaza & Janés, 179-207.
- RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (2017): «Expolio y redención de un liberal. Salvador de Madariaga y Eduardo García de Enterría frente al Estado del 18 de julio (1937-1971)», *Historia del Presente*, 30, 49-60.
- RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (2018): «American Friends. Salvador de Madariaga y sus redes en los Estados Unidos (1927-1959)», *Cornide. Revista do Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses*, 1, 71-94.
- ROSE, Norman (2000): *The Cliveden Set: Portrait of an Exclusive Fraternity*, Londres, Jonathan Cape Ltd.
- ROSENBOIM, Or (2017): *The Emergence of Globalism. Visions of World Order in Britain and the United States, 1939-1950*, Princeton, Princeton University Press.

- SAMUEL, Herbert / Salvador DE MADARIAGA, / Gilbert MURRAY / Benedetto CROCE / Denis SAURAT (1948): *Spires of Liberty*, Londres, Herbert Joseph Limited.
- SANTACANA, Carles (2014): *Josep Tarradellas. L'Exili (1939-1954)*, Barcelona, Edicions Dau.
- SAURAT, Denis (1941): *Regeneration*, Londres, E. P. Dutton.
- UGALDE ZUBIRI, Alexander (2001): «La participación vasca en el movimiento europeísta y federalista», en Víctor Manuel Amado Castro / Santiago de Pablo Contreras (coords.), *Los vascos y Europa*, Vitoria / Gasteiz, Sancho el Sabio, 316-419.
- VILANOVA I VILA-ABADAL, Francesc (2001): *Als dos costats de la frontera. Relacions polítiques entre exili i interior a la postguerra, 1939-1948*, Barcelona, Publicacions de l'Abadia de Montserrat.